



CONCELLO DE TOURO

B A N D O

DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TOURO.

FAI SABER:

Pola empresa Espina&Delfín, concesionaria do servizo de municipal de auga, informouse de que o abastecemento municipal está en valores mínimos, polo que é necesario adoptar as seguintes medidas para reducir o consumo:

Primeiro.- Desde hoxe queda prohibido o uso de auga para regas de xardíns e hortas, enchidos de piscina, lavado de vehículos, e para calquera outros consumos distintos dos domésticos.

Segundo.- De persistir as circunstancias expostas, non teriamos máis remedio que proceder a realizar cortes de auga, que irían en prexuízo de todos.

Faise un chamamento aos veciños solicitando a colaboración para que se adopten hábitos que moderen o consumo de auga ao indispensable, polo ben xeral.

O que se fai público para xeral coñecemento en Touro, a 6 de setembro de 2019.

O alcalde,

